

## AGORA.

**Na Terra Chá, en Begonte  
baixo os brillos do luceiro,  
hai moito tempo, lembrale!  
a Luz daquel Sol pequeno  
abriu no amor os seus días  
de confianzas e anceios.**

Agora que xa temos abrigo para os fríos  
deixamos aos irmáns na noite escura espidos.  
Agora que xa temos enchidas as lareiras  
quedóusenos o amor carpindo nas fumeiras.  
E hai pobres e famentos, enfermos, desterrados  
que lles esboura o pulso nas tempas cando deitan  
que choran e se laian na realidade incerta  
perdidos, indefensos que todo pagan caro  
das tantas que pasaron, das tantas que lles quedan  
non poden comprender porque son humillados  
porque son desgraciados na dor de tanta ausencia.

Deixamos que un salouco nos dispense as conciencias  
agora que xa temos repletas as despensas.  
Pechámonos por dentro sen que ninguén escoite  
agora que xa temos un teito para a noite.  
Lembrade, estamos faltos colmando as nosas ansias  
daquela irmandade que reparte o que temos  
tendendo a man aos outros con algo de esperanza.  
Ai, pobres, que ignoramos de tanto que carecemos!  
...crendo sabelo todo, ...e afogamos no exceso  
e soñamos instantes, perdidos nos momentos  
sendo fiscais dos outros e avogados do demo  
todos queremos máis e non ser avarentos.

Nos usos xenerosos vímonos quedando cegos  
de afagos, de namoros, de cántigas cantadas  
desas que abren os ollos aos nobres sentimentos.  
E elevan o sentir cargado de indulxencia

poñendo confianza sobre, sobre un futuro incerto.  
Nas leis que rexen a vida, hoxe escritas en silencios,  
vive aquel que comparte, e ama aos máis e achega  
que antes do mundo ser mundo, antes ainda dos tempos,  
xa os había mesquiños, ...que non reparten e medran  
cheos de orgullo sen alma e sen corazón no peito  
que agarran todos os bens como exclusiva pertenza  
e ainda estando na fartura, son escravos deles mesmos!

**Hai moito tempo, lembrade!  
a Luz daquel Sol pequeno  
abriu no amor os seus días  
de confianzas e anceios.  
Foi nun solsticio escuro  
de escuras noites de inverno.  
O seu lume en resplendor  
en crúas pedras de xeo,  
...din que vos foi en Belén,  
eu coido que foi máis preto:  
na Terra Chá de Begonte  
baixo os brillos do luceiro**